

## ACTIVIDADE TRATAMENTO:

### 13. VIDEOVIXILANCIA

## RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

[pdcp@parlamentodegalicia.gal](mailto:pdcp@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono: 981 551 300

## DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D<sup>a</sup> María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: [dpd@parlamentodegalicia.gal](mailto:dpd@parlamentodegalicia.gal)

## BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPDP).

## FINS

Control de tódalas persoas que acceden ao Parlamento de Galicia ou transitan polos accesos exteriores do seu recinto. Garantir a seguridade nos accesos á Cámara.

## CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Tódalas persoas que acceden ao Parlamento de Galicia, ou transitan polas inmediacións dos accesos do seu recinto.

## CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

*Datos persoais:* Datos de carácter identificativo: nome, apelidos.

Se fora o caso, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade.

Imaxes.

## DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal son tratados polo Parlamento de Galicia e pola dotación de seguridade (Unidade Adscrita da Policía Nacional á Comunidade Autónoma de Galicia, e empresas prestatarias dos servizos de vixilancia e seguridade e mantemento dos equipos).

Non están previstas transferencias de datos, agás, nos casos de que exista obriga legal, aos Corpos e Forzas de seguridade, órganos xudiciais, Ministerio Fiscal.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

## CONSERVACIÓN DOS DATOS

As gravacións de videovixilancia conservaranse durante un mes a contar dende a data da súa recollida.

## MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

**Avaliación de risco:** As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 xaneiro, polo que se regula



o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real Decreto 951/2015, de 23 outubro, de modificación do Real Decreto 3/2010.

**Responsable de seguridade TIC:** Oficialia Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

**Procedementos e sistemas de seguridade:** conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.